

luns 4

Pablo Sanmamed Trío



Comeza en 2015. Mestura composicións propias nas que predominan os compases amalgamados coma unha reinterpretación de temas de jazz de autores como Duke Ellington/ Billy Strayhorn, Chick Corea, Benny Golson e Omer Klein, e revisitando compositores coma o exípcio Ibrahim Al Aryan ou Guaiacomo Puccini. O trío está integrado por Pablo Sanmamed (contrabaixo), Iago Mouriño (piano) e Bruno Couceiro (batería). En decembro de 2015 publicaron un disco con este proxecto.

“PETIT COMITÉ” - Natalia Millán e Volando Libre

Volando Libre, coma sempre, está de viaxe. Esta vez acompañando á feiticeira Natalia Millán por terras francesas. Unídevos a este "petit comité" para gozar dun percorrido musical polos viñedos do jazz.


Natalia Millán: voz.

Volando Libre: Alfredo G. Sieiro (clarinetes), Vadim Yukhnevich (bayán), Andrey Volodin (guitarra eléctrica). Artista Invitado: Totó Barreiro (guitarra española).

Natalia Millán

Cantante, bailarina, pero sobre todo actriz. Unha vocación moi temperá foi a que tivo esta fermosa e elegante muller de ollos grandes e escuros, que non deixan indiferente a ninguén.

Entre os sus traballos teatrais destacan os musicais Cabaret e Chicago.



Aula da Natureza "Juan Lembeye"
Xardín Botánico Ría do Burgo
do 1 ao 4 de xullo ás 20:30 h.

Jazz Burgo 2016

venres 1

TrieMs & Moon



Nace en 2014 coa idea de fusionar música clásica con música folclórica e jazz. En xullo de 2015 actúa no ClarinetFest (Madrid). No seu repertorio hai composicións orixinais e adaptacións de temas de Chick Corea, Richard Galliano, K-Ximbinho, Gordon Goodwin, Gordon Lewin, Olivier Truan, Antonio Carlos Jobim ou David Krakauer. Forman o grupo Marcel Chirilov (clarinete), Marcos Represas Carrera (clarinete e clarinete baixo), Miguel Cabana (batería e percusión). Artista invitada: Montse Fernández.


Felipe Castro Group



Formación liderada polo saxofonista Felipe Castro, quen nesta ocasión trae un repertorio de temas standards levados ao terreo de latín jazz, con ritmos como guaguanco, latín/funk, songo, danzón, chachachá, etc. Todo isto poderase gozar mesturado coa linguaxe do bebop.

sabado 2

Nelson Quinteiro Project



Dende que o coñeceron no III Festival Primavera de Cine en Vigo, os membros do Trío Caspervek seguiron moi de preto a Nelson Quinteiro, tocando nos directos do seu disco "Orquesta Gharbo!". Agora, dous membros daquel trío, Brais González (piano) e Blas Castañer (percusión), únense a Quinteiro en "Proxecto Nú", unha banda que ofrece un particular xeito de abordar diferentes temas de música tradicional e músicas do mundo, con maneos, xotas, muiñeiras, pasodobles da música tradicional galega, tangos, fados ou corridos.

Alfonso Calvo Septet



Proxecto a septeto do contrabaixista compostelán Alfonso Calvo, presentando o seu novo traballo discográfico Sea ahead, formado integramente por composicións orixinais, que van dende o hard bop ao jazz modal.

O septeto está composto por algúns dos músicos máis relevantes do panorama jazzístico galego. Pablo Castaño: saxo alto, soprano; Xosé Lois Miguélez: saxo tenor, frauta; Rubén Salvador: trompeta, fliscorno; Luis Miranda: trombón; Manolo Gutiérrez: piano; Alfonso Calvo: contrabaixo; Naíma Acuña: batería; Convidado especial Ton Risco: vibráfono.

domingo 3

Rapazz Quintet



O tempo pasa pero non para RAPAZZ. E a proba está en que estes rapazes seguen sen madurar, incorrexibles, e insisten en traernos máis swing, blues, bossa e, aínda por riba, algún tema orixinal. Ademais, contaxiaron a outro e agora son seis.

Forman o grupo Bruno Couceiro Regueira, batería; Javier López Pallarés, baixo eléctrico; Enrique Fernández Tornero, piano; Brais López Collazo, trompeta; Augusto Vázquez Losada, saxo tenor; Luis Ramas Ramírez, saxo alto.

Arifi



Arifi, así chámase en Marrocos ao vento do sur do Mediterráneo que viaxa, quente e seco, dende África e chega a Europa cargado da auga do mar. Din que ten o poder de embriagar aos animais e aos homes... Arifi é o nome deste grupo galego, un proxecto liderado por Iria Estévez, Vadim, Toni, Gonzo Piña e Marco Mendoza. Inspirados polo grupo andaluz "Radio Tarifa", únense para crear este proxecto no que as músicas ibéricas fúndense con ritmos e sons arabo-andalusí, prestando maior atención á música tradicional de Galicia.